

SUBGRUPO A2-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO

TEMA 3- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

1. En relación co seu ámbito subxectivo, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece no seu artigo 2 que se lle aplica de maneira supletoria, en defecto da súa normativa específica:

- a) A calquera organismo público e entidade de dereito público vinculado ou dependente das administracións públicas.
- b) Ás entidades que integran a Administración local.
- c) Ás universidades públicas.

2. Segundo o artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as universidades públicas:

- a) Rexeranse en exclusiva polas previsións da presente lei.
- b) Rexeranse pola súa normativa específica, e están exceptuadas de aplicación das previsións da presente lei.
- c) Rexeranse pola súa normativa específica e supletoriamente polas previsións da presente lei.

3. Segundo o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ¿cal dos seguintes principios deberán respectar na súa actuación e relacións as administracións públicas?:

- a) Servizo eficiente aos cidadáns.
- b) Planificación e dirección por resultados e control da xestión e avaliación dos medios das políticas públicas.
- c) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.

4. Dentro dos principios de intervención das administracións públicas para o desenvolvemento dunha actividade, recollidos no artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as administracións públicas que establezan medidas que limiten o exercicio de dereitos individuais ou colectivos deberán aplicar o principio de:

- a) Simplicidade e proximidade aos cidadáns.
- b) Racionalidade e elixir a medida que asegure o seu cumprimento.
- c) Proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva.

5. Segundo o artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o incumprimento das instrucións ou ordes de servizo:

- a) Non afecta por si só a validez dos actos ditados polos órganos administrativos, e tampouco implica responsabilidade disciplinaria.
- b) Non afecta por si só á validez dos actos ditados polos órganos administrativos, sen prexuízo da responsabilidade disciplinaria en que se poida incurrir.
- c) Afecta á validez dos actos ditados polos órganos administrativos e determina a responsabilidade disciplinaria que se deriva deste.

6. De conformidade co previsto no artigo 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a delegación de competencias:

- a) Non supón a alteración da titularidade da competencia, aínda que si dos elementos determinantes do seu exercicio que se prevén en cada caso.
- b) Non supón nin a alteración da titularidade da competencia, nin dos elementos determinantes do seu exercicio que se prevén en cada caso.
- c) Supón a alteración da titularidade da competencia, pero non dos elementos determinantes do seu exercicio que se prevén en cada caso.

SUBGRUPO A2-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO

7. O artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público recolle que en ningún caso poderán ser obxecto de delegación as competencias relativas:

- a) Á elaboración de actos administrativos.
- b) Á resolución de recursos nos órganos administrativos que ditasen os actos obxecto de recurso.
- c) Ás materias en que así se determine por norma regulamentaria.

8. De conformidade coa regulación da avocación recollida no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, sinala a resposta correcta:

- a) En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado, que deberá ser notificado aos interesados no procedemento, se os houber.
- b) Contra o acordo de avocación caberá recurso, sen prexuízo do que se poida interpoñer contra a resolución do procedemento.
- c) Nos supostos de delegación de competencias en órganos non dependentes xerarquicamente, non poderá ser avogado o coñecemento dun asunto.

9. Segundo o artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nunha encomenda de xestión, a entidade ou órgano encomendado terá, en todo caso:

- a) A condición de encargado do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da encomenda de xestión.
- b) A condición de responsable do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da encomenda de xestión.
- c) A condición de delegado de protección de datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da encomenda de xestión.

10. Segundo o artigo 12 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a delegación de sinatura:

- a) Alterará a competencia do órgano delegante e para a súa validez será necesaria a súa publicación.
- b) Non alterará a competencia do órgano delegante e para a súa validez será necesaria a súa publicación.
- c) Non alterará a competencia do órgano delegante e para a súa validez non será necesaria a súa publicación.

11. Tal e como aparece recollido no artigo 13 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a splencia:

- a) Habilita o titular dun órgano administrativo a asumir definitivamente as funcións doutro, nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, así como nos casos en que se teña declarada a súa abstención ou recusación.
- b) Non implicará alteración da competencia.
- c) Será necesaria a súa publicación para a súa validez.

12. O artigo 14 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ao regular as decisións sobre competencia, recolle os conflitos de atribucións, que só se poderán suscitar:

- a) Entre órganos de diferentes administracións e respecto a asuntos sobre os que non finalizase o procedemento administrativo.
- b) Entre órganos dunha mesma Administración non relacionados xerarquicamente e respecto de asuntos sobre os cales non finalizase o procedemento administrativo.
- c) Entre órganos dunha mesma Administración relacionados xerarquicamente e respecto de asuntos sobre os que finalizase o procedemento administrativo.

SUBGRUPO A2-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO

13. De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para a válida constitución do órgano colexiado, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos:

- a) Requirirase da asistencia, presencial ou a distancia, do presidente e a metade dos seus membros ou, se é o caso, de quen os supla.
- b) Requirirase da asistencia presencial do presidente e do secretario e, presencial ou a distancia, de todos os seus membros.
- c) Requirirase da asistencia, presencial ou a distancia, do presidente e secretario ou, se é o caso, de quen os supla, e a da metade, polo menos, dos seus membros.

14. O artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público prevé que, no caso de órganos colexiados, cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan:

- a) Os membros do órgano non poden votar en contra ou absterse.
- b) Os membros do órgano poden votar en contra ou absterse, pero a responsabilidade do órgano colexiado é indisoluble.
- c) Os membros do órgano poden votar en contra ou absterse, nese suposto quedarán exentos da responsabilidade que, se é o caso, poida derivarse dos acordos.

15. Segundo o artigo 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a acta de cada sesión dun órgano colexiado:

- a) Poderá aprobarse na mesma reunión ou na inmediata seguinte.
- b) Nunca poderá aprobarse na mesma reunión, só na inmediata seguinte.
- c) Só poderá aprobarse na mesma reunión se se redacta e asina no día da reunión.

16. Segundo o artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o recusado nun procedemento administrativo manifestará ao seu inmediato superior se se dá ou non nel a causa alegada:

- a) No día seguinte.
- b) Nos dous días seguintes.
- c) Nos tres días seguintes.

17. Cando o artigo 26 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público regula o principio de irretroactividade, dentro dos principios da potestade sancionadora, establece que as disposicións sancionadoras:

- a) Producirán efecto retroactivo en canto favorezan o presunto infractor ou o infractor, tanto no referido á tipificación da infracción como á sanción e aos seus prazos de prescrición.
- b) Producirán efecto retroactivo, salvo respecto das sancións pendentes de cumprimento ao entrar en vigor a nova disposición.
- c) Non producirán efecto retroactivo, xa que sempre serán de aplicación as disposicións sancionadoras vixentes no momento de producirse os feitos que constitúan infracción administrativa.

18. A responsabilidade prevista no artigo 28 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público implica que só poderán ser sancionadas por feitos constitutivos de infracción administrativa as persoas físicas e xurídicas, así como, cando unha lei lles recoñeza capacidade de obrar, os grupos de afectados, as unións e entidades sen personalidade xurídica e os patrimonios independentes ou autónomos, que resulten responsables destes a título de:

- a) Dolo ou simple inobservancia.
- b) Dolo ou culpa.
- c) Dolo, culpa ou simple inobservancia.

SUBGRUPO A2-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO

19. De conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as responsabilidades administrativas que se deriven da comisión dunha infracción serán compatibles coa esixencia ao infractor da:

- a) Indemnización polo lucro cesante.
- b) Reposición da situación alterada ao seu estado orixinario ou a indemnización polos danos e perdas causados.
- c) Reposición da situación alterada por el ao seu estado orixinario, así como a indemnización polos danos e perdas causados.

20. De conformidade co previsto no artigo 29 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na determinación normativa do réxime sancionador, así como na imposición de sancións polas administracións públicas, deberase observar a debida idoneidade e necesidade da sanción que se vaia impoñer e a súa adecuación á gravidade do feito constitutivo da infracción. A gradación da sanción considerará especialmente os seguintes criterios (sinale a resposta incorrecta):

- a) O grao de culpabilidade ou a existencia de intencionalidade.
- b) A reiteración por cometer diferentes accións infractoras en distintos ámbitos.
- c) A reincidencia, por comisión no termo dun ano, de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.

21. Sinale a afirmación correcta con base no disposto no artigo 29 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

- a) Cando da comisión dunha infracción derive necesariamente a comisión doutra ou doutras, deberase impoñer unicamente a sanción correspondente á infracción máis leve cometida.
- b) Cando da comisión dunha infracción derive necesariamente a comisión doutra ou doutras, deberase impoñer unicamente a sanción correspondente á infracción máis grave cometida.
- c) Cando da comisión dunha infracción derive necesariamente a comisión doutra ou doutras, deberanse impoñer as sancións correspondentes ás infraccións cometidas.

22. O artigo 30 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público prevé, no cómputo do prazo de prescrición, en caso de infraccións continuadas ou permanentes, que:

- a) O prazo comezará a contar desde que comeza a conduta infractora.
- b) O prazo comezará a contar desde que finalizou a conduta infractora.
- c) As infraccións continuadas ou permanentes non prescriben.

23. De acordo co previsto no artigo 30 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as infraccións e sancións prescribirán segundo o disposto nas leis que as establezan. Se estas non fixan prazos de prescrición:

- a) As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.
- b) As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves ao ano.
- c) As infraccións moi graves prescribirán aos dous anos, as graves ao ano e as leves aos seis meses.

24. O prazo de prescrición das sancións, segundo o artigo 30 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, comezará a contarse:

- a) Desde o día seguinte ao que se dite a resolución pola que se impón a sanción.
- b) Desde o día da notificación da resolución pola que se impón a sanción.
- c) Desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou transcorrese o prazo para recorrela.

SUBGRUPO A2-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO

25. Segundo o artigo 31 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non poderán sancionarse os feitos que o foran penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie:

- a) Identidade do suxeito, feito e sanción.
- b) Identidade do suxeito, feito e fundamento.
- c) Identidade do suxeito, sanción e fundamento.

26. Sinale a resposta correcta en materia de responsabilidade patrimonial, conforme ao previsto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

- a) En todo caso, o dano alegado deberá ser efectivo, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas.
- b) A anulación en vía administrativa ou pola orde xurisdiccional contencioso-administrativa dos actos ou disposicións administrativas presupón, por si mesma, dereito á indemnización.
- c) Os particulares non teñen dereito a ser indemnizados polas administracións públicas de toda lesión que sufran nos seus bens e dereitos como consecuencia da aplicación de actos legislativos de natureza non expropiatoria de dereitos que non teñan o deber xurídico de soportar, cando así se estableza nos propios actos legislativos e nos termos que neles se especifiquen.

27. O artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ao regular os principios da responsabilidade patrimonial das administracións públicas, establece que:

- a) Os particulares terán dereito a ser indemnizados de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, mesmo nos casos de forza maior.
- b) Os particulares terán dereito a ser indemnizados de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, salvo nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo coa lei.
- c) Os particulares non terán dereito a ser indemnizados de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento anormal dos servizos públicos, salvo nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo coa lei.

28. No caso de responsabilidade concorrente de varias administracións públicas, derivada da xestión dimanante de fórmulas conxuntas de actuación, recollida no artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

- a) As administracións intervenientes responderán fronte ao particular, en todo caso, de forma solidaria.
- b) O instrumento xurídico regulador da actuación conxunta deberá sempre determinar a distribución da responsabilidade entre as diferentes administracións públicas.
- c) As administracións intervenientes responderán fronte ao particular, en todo caso, de forma mancomunada en función do seu grao de participación.

SUBGRUPO A2-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO

29. Nos supostos de responsabilidade patrimonial, segundo dispón o artigo 34 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a indemnización procedente, cando resulte máis adecuado para lograr a reparación debida e conveña ao interese público, sempre que exista acordo co interesado:

- a) Poderase substituír por unha compensación en especie, pero non poderá ser aboada mediante pagos periódicos.
- b) Poderá ser aboada mediante pagos periódicos, pero non se poderá substituír por unha compensación en especie.
- c) Poderase substituír por unha compensación en especie ou ser aboada mediante pagos periódicos.

30. O artigo 34 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que, nos supostos en que a contía da indemnización se actualice ata a data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade patrimonial, farase:

- a) Conforme a índice de prezos ao consumo (IPC).
- b) Conforme ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).
- c) Conforme ao índice de garantía da competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estatística.

31. Nos supostos de responsabilidade patrimonial, de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e sen prexuízo da súa posible actualización, a contía da indemnización calcularase con referencia:

- a) Ao día en que a lesión efectivamente curou.
- b) Ao día no que se iniciou o procedemento.
- c) Ao día en que a lesión efectivamente se produciu.

32. O artigo 34 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que, no caso de danos derivados da aplicación dunha norma con rango de lei declarada inconstitucional ou da aplicación dunha norma contraria ao dereito da Unión Europea (números 4 e 5 do artigo 32 da Lei 40/2015), serán indemnizables:

- a) Os danos producidos no prazo dos dous anos anteriores á data da publicación da sentenza que declare a inconstitucionalidade da norma con rango de lei ou o carácter de norma contraria ao dereito da Unión Europea, salvo que a sentenza dispoña outra cousa.
- b) Os danos producidos no prazo dos tres anos anteriores á data da publicación da sentenza que declare a inconstitucionalidade da norma con rango de lei ou o carácter de norma contraria ao dereito da Unión Europea.
- c) Os danos producidos no prazo dos cinco anos anteriores á data da publicación da sentenza que declare a inconstitucionalidade da norma con rango de lei ou o carácter de norma contraria ao dereito da Unión Europea, salvo que a sentenza dispoña outra cousa.

33. De conformidade co recollido no artigo 36 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, sinale a afirmación correcta no referente á existencia da responsabilidade patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas:

- a) Para facer efectiva a responsabilidade patrimonial a que se refire esta lei, os particulares esixirán directamente á Administración pública correspondente as indemnizacións polos danos e perdas causados polas autoridades e persoal ao seu servizo.
- b) Non é posible esixirle directamente á Administración pública correspondente as indemnizacións polos danos e perdas causados polas autoridades e persoal ao seu servizo.
- c) A Administración pública correspondente nunca é responsable polos danos e perdas causados polas autoridades e persoal ao seu servizo.

SUBGRUPO A2-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO

34. Segundo o artigo 37 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a existencia de responsabilidade penal do persoal ao servizo das administracións públicas:

- a) Non suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan, salvo que a determinación dos feitos na orde xurisdiccional penal sexa necesaria para a fixación da responsabilidade patrimonial.
- b) Suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan.
- c) Non suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan, salvo que a determinación dos fundamentos de dereito na orde xurisdiccional penal sexa necesaria para a fixación da responsabilidade patrimonial.

35. O artigo 38 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público indica que cada Administración pública determinará as condicións e os instrumentos de creación das sedes electrónicas, con suxeición aos principios de (sinale a resposta incorrecta):

- a) Transparencia, publicidade, responsabilidade, calidade, seguridade.
- b) Dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade, interoperabilidade.
- c) Eficiencia, eficacia e economía de medios.

36. En relación co funcionamento electrónico do sector público, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nos seus artigos 38 e 39:

- a) Define a sede electrónica e o portal de Internet.
- b) Regula o funcionamento electrónico do sector público, pero deixa para o seu desenvolvemento regulamentario a definición da sede electrónica e o portal de Internet.
- c) Unicamente define a sede electrónica.

37. Segundo o artigo 41 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración pública no marco dun procedemento administrativo e na que non interviñese de forma directa un empregado público é:

- a) Unha actuación administrativa automatizada.
- b) Unha actuación administrativa electrónica.
- c) Unha actuación administrativa nula.

38. Dentro dos sistemas de sinatura para a actuación administrativa automatizada, o artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público refírese a:

- a) O código seguro de verificación como único sistema de sinatura para a actuación administrativa automatizada.
- b) O selo electrónico e o código seguro de verificación de Administración pública, órgano, organismo público ou entidade de dereito público.
- c) A lei non se ocupa dos sistemas de sinatura para a actuación administrativa automatizada.

39. O artigo 43 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público prevé que os sistemas de sinatura electrónica do persoal ao servizo das administracións públicas:

- a) Poderán referirse, por razóns de seguridade pública, soamente ao número de identificación profesional do empregado público.
- b) Deberán incluír sempre o NIF do empregado público para garantir a identidade do asinante.
- c) Deberán identificar de forma conxunta o titular do posto de traballo ou cargo e a Administración ou órgano en que presta os seus servizos.

SUBGRUPO A2-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO

40. En relación co intercambio electrónico de datos en contornos pechados de comunicación, previsto no artigo 44 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando os participantes nas comunicacións pertencen a unha mesma Administración pública, esta determinará as condicións e garantías polas que se rexerá que, polo menos, comprenderá:

- a) A relación de responsables dos datos para xestionar e a natureza, reservada ou non, destes.
- b) Unicamente a relación de emisores e receptores autorizados.
- c) A relación de emisores e receptores autorizados e a natureza dos datos que se intercambiarán.

41. De acordo co previsto no artigo 44 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os documentos e informacións que se transmiten en contornos pechados de comunicación establecidos entre administracións públicas, órganos, organismos públicos e entidades de dereito público:

- a) Serán considerados válidos para todos os efectos sempre que exista un convenio suscrito entre as partes.
- b) Serán considerados válidos para os efectos de autenticación e identificación dos emisores e receptores nas condicións establecidas neste artigo.
- c) Serán considerados lexítimos, pero deberán ser autenticados polo órgano emisor.

42. En relación co arquivo electrónico de documentos, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no seu artigo 46 establece o deber de almacenar por medios electrónicos:

- a) Todos os documentos empregados en actuacións administrativas, sen que exista ningún tipo de excepción.
- b) E en papel todos os documentos empregados en actuacións administrativas.
- c) Todos os documentos empregados en actuacións administrativas, aínda que establece como excepción: "cando non sexa posible".

43. De conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os documentos electrónicos que conteñan actos administrativos que afecten a dereitos ou intereses dos particulares:

- a) Deberanse conservar sempre no mesmo formato que se orixinaron.
- b) Deberanse conservar en PDF, por ser este o único formato que garante a integridade, autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación dos documentos almacenados.
- c) Deberanse conservar no mesmo formato a partir do cal se orixinou o documento ou noutro calquera que asegure a identidade e a integridade da información necesaria para reproducilo.

44. O artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que os convenios asinados entre dúas ou máis administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas administracións públicas, denomínanse:

- a) Convenios intraadministrativos.
- b) Convenios interadministrativos.
- c) Convenios marco.

SUBGRUPO A2-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO

45. De conformidade co previsto no artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, sinala a resposta correcta:

- a) Os protocolos xerais de actuación teñen a consideración de convenios, sempre que non supoñan a formalización de compromisos xurídicos concretos e esixibles.
- b) Os convenios, en circunstancias excepcionais, poden ter por obxecto prestacións propias dos contratos.
- c) Os convenios interadministrativos poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración pública para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

46. Sinala a resposta incorrecta, con base no previsto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en relación cos requisitos de validez e eficacia dos convenios:

- a) A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública.
- b) As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.
- c) Os convenios perfeccionaranse pola prestación do consentimento das partes.

47. O artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que, en calquera momento antes da finalización do prazo do convenio, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente:

- a) A súa prórroga por un período de ata dous anos adicionais ou a súa extinción.
- b) A súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
- c) A súa prórroga por un período de ata un ano adicional ou a súa extinción.

48. Segundo o artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o contido que preceptivamente debe incluír calquera convenio é o seguinte (sinala a afirmación incorrecta):

- a) Réxime de modificación do convenio, aínda que a falta de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.
- b) Os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- c) A cesión de titularidade da competencia para a sinatura do convenio.

49. De conformidade co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cal das seguintes non é unha causa de resolución dos convenios?:

- a) O acordo maioritario de todos os asinantes.
- b) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

50. O artigo 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público prevé que os convenios que deben remitirse electronicamente ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da comunidade autónoma, segundo corresponda, dentro dos tres meses seguintes á súa subscrición son:

- a) Os convenios cuxos compromisos económicos asumidos superen os 600.000 euros.
- b) Os convenios cuxos compromisos económicos asumidos superen os 300.000 euros.
- c) Os convenios cuxos compromisos económicos asumidos superen os 200.000 euros.